


Unidade 5:

A Revolución Francesa

1. Introducción

A **Revolución Francesa** de **1789** supuxo a destrución do Antigo Réxime no lugar que fora o reino do Rei Sol, Luis XIV, unha das potencias absolutistas hexemónicas na Idade Moderna. Este proceso non só significou un cambio de goberno, senón a **ruptura definitiva** coas estruturas políticas, sociais e económicas do Antigo Réxime. As implicacións históricas deste proceso revolucionario transcenden as fronteiras francesas, xa que se converteu nun **exemplo ideolóxico e práctico para todas as revolucións liberais europeas** do século XIX e un modelo para a construción dos Estados-nación e o concepto de cidadanía. Foi tan relevante, que a historiografía adoita considerar esta Revolución como o suceso que da inicio á Idade Contemporánea.



2. As causas da Revolución Francesa: a crise do Antigo Réxime

As causas da Revolución Francesa hai que buscalas na crise estrutural do Antigo Réxime, que se concreta en varios niveis de tensión interconectados:

2.1. Crise social

- As escasas posibilidades de promoción social entre estamentos xeraron un enorme **descontento na burguesía** que, malia a súa boa posición económica (moitas veces superior á da pequena nobreza) e a súa formación intelectual (influenciada pola Ilustración), estaba relegada ao chanzo máis baixo da sociedade do Antigo Réxime, ao Terceiro Estado. A burguesía, que constituía a forza económica emerxente, demandaba a **igualdade legal e a participación política** para consolidar o seu poder económico, topando coa barreira infranqueable dos privilexios nobiliarios.
- O **campesiñado e os grupos populares urbanos (sans-culottes)**, que constituían a maioría da poboación (máis do 80%), tamén estaban moi descontentos. Sustentaban economicamente todo o sistema debido a unha **enorme presión tributaria** (impostos ao rei, décimos á Igrexa e dereitos señoriais á nobreza), e a algunhas cargas de orixe feudal que aínda seguían vixentes. A presión demográfica e o sistema de herdanza parcelaron as terras, dificultando a subsistencia.

2.2. Crise económica

- As malas colleitas da década de 1780 en Francia, sumadas a unha crise industrial e comercial, provocaron unha **subida continuada dos prezos dos produtos básicos** (especialmente o pan, alimento fundamental), o que asfixiou aínda máis ao campesiñado e aos grupos populares urbanos. Esta **crise de subsistencia** exacerbou o malestar social ao limitar o poder adquisitivo.
- Ademais, a economía francesa arrastraba problemas estruturais debidos á **resistencia dos estamentos privilexiados a pagar impostos** e ao enorme gasto público derivado da participación en guerras como a Guerra dos Sete Anos e o apoio á independencia dos Estados Unidos. Isto xerou un **déficit crónico** que minou a solvencia do Estado.

2.3. Crise política e ideolóxica

- Ante os serios problemas financeiros do Estado francés, o rei Luis XVI buscou, sen éxito, a colaboración dos estamentos privilexiados. Ministros de Facenda como **Turgot** e **Necker** propuxeron unha **reforma fiscal** que obrigase á nobreza e ao clero a contribuír, pero foi sistematicamente rexeitada por estes, desencadeándose a chamada **“Revolta dos Privilexiados”**.
- Ao mesmo tempo, as ideas liberais derivadas da **Ilustración** cuestionaban o poder absoluto do monarca e a soberanía baseada na orixe divina do seu poder. Conceptos como a **soberanía nacional** (Rousseau), a **separación de poderes** (Montesquieu) e os **dereitos naturais** (Locke e Voltaire) proporcionaron o marco teórico para xustificar a demolición do absolutismo e a construción dun novo Estado baseado na razón e a lei.

3. O estoupido da Revolución Francesa

A crise do Antigo Réxime en Francia agudizouse coa convocatoria por parte de Luis XVI dos **Estados Xerais** (maio de 1789), unha institución consultiva de orixe medieval que non se reunía dende 1614, da que o monarca pretendía obter recursos para paliar o déficit do Estado coa colaboración de todos os estamentos. Sen embargo, as posicións dos participantes estaban moi lonxe entre sí, dando lugar a unha ruptura con distintas fases:



- **O enfrontamento na votación**: o Terceiro Estado, máis numeroso, esixiu o **voto por persoa** e non o tradicional **voto por estamento** (que daba dous votos aos privilexiados e un só aos non privilexiados, garantindo a súa derrota). O rexeitamento da Corte a esta demanda marcou o punto de inflexión.
- **A ruptura xurídica**: ao non conseguir o voto por cabeza, os numerosos representantes dos non privilexiados aplican o principio da **soberanía nacional** ao declararse **Asemblea Nacional** (17 de xuño de 1789), representando a vontade da maioría da nación. Acordaron no chamado “**Xuramento do Xogo de Pelota**” (20 de xuño de 1789) non disolverse ata aprobar unha Constitución para Francia, transformándose así en **Asemblea Constituínte**.
- **A irrupción popular**: o proceso de demolición do Antigo Réxime xa estaba en marcha, e tivo o seu detonante simbólico na rúa, cando o **14 de xullo de 1789** o pobo de París asalta a prisión da **Bastilla**, símbolo do absolutismo monárquico. Este acto supuxo a primeira intervención popular decisiva e simbolizou o fin da autoridade real ilimitada.

4. Asemblea Constituínte e Monarquía Constitucional (1789-1792)

Mentres a revolución se espallaba por todo o territorio francés (incluíndo unha violenta sublevación rural coñecida como o *Grande Peur* ou Gran Medo), a Asemblea Nacional vai dando pasos para a completa destrución do Antigo Réxime e a creación dun novo marco xurídico-político.

4.1. Lexislación fundacional

- **Abolición do réxime feudal** (agosto de 1789): elimináronse de xeito legal, e sen compensación económica, todos os dereitos señoriais e os décimos. Isto supuxo o fin do feudalismo en Francia e un cambio radical no réxime de propiedade da terra.
- **Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán** (agosto de 1789): apróbase este documento fundamental que consagra como fundamentais conceptos como a **igualdade** ante a lei, a **liberdade** individual e de pensamento, a **propiedade** como dereito inviolable e a **resistencia á opresión**. Esta Declaración establece a base do dereito constitucional moderno e é a pedra angular do liberalismo.
- **Constitución civil do clero** (1790): o clero convértese en funcionariado público, debendo xurar lealdade á Constitución. Isto provocou a división entre o clero “xuramentado” e o “refractario” (este último negouse a este xuramento por ser opositor á Revolución).

4.2. Constitución de 1791

- Finalmente, en 1791 promúlgase a **primeira Constitución francesa**, na que se establecía unha **monarquía constitucional** baseada na **soberanía nacional** (o poder emana da nación) e na **división de poderes** (Montesquieu): o poder lexislativo recaía nunha Asemblea; o executivo, no rei (controlado pola Asemblea); e o xudicial era independente.
- Estableceu o **sufraxio censitario indirecto**, limitando o dereito a voto e a ser elixido só aos homes cunha determinada renda, garantindo o poder político á alta burguesía.


Esta monarquía constitucional será moi breve, en boa medida pola continua oposición do propio rei Luis XVI. Este, malia que xurara a Constitución, non estaba disposto a compartir o poder, e amosábase favorable a unha intervención militar estranxeira que rematase coa Revolución. Buscando este obxectivo, en xuño de 1791 intentou fuxir do país para encabezar un movemento contrarrevolucionario con exiliados e tropas austríacas, a chamada **Fuga de Varennes**. Sen embargo, o monarca foi descuberto, apresado e conducido de volta a París, onde comeza a xestarse unha nova revolta popular. En agosto de 1792 ten lugar o asalto ao palacio das Tullerías, tras o que a monarquía é abolida, proclamándose a República.

5. A Primeira República francesa: a Convención Nacional (1792-1794)

A Primeira República francesa, vixente entre os anos 1792 e 1804, iniciárase coa mobilización popular e a declaración de guerra ás potencias absolutistas enfrontadas aos revolucionarios, Austra e Prusia. Este primeiro réxime republicano terá dúas fases moi diferenciadas, a Convención Nacional e o Directorio.

Tras o asalto ao palacio das Tullerías parisino a monarquía é abolida, proclamándose a República, cunha nova asemblea que controlará o país, a chamada Convención Nacional. O rei Luis XVI será xulgado por traición e, finalmente, **executado** na guillotina en xaneiro de 1793.

Os revolucionarios franceses comezaron a dividirse en función da profundidade e ritmo dos cambios que pretendían, xerándose dous grupos principais: os **xirondinos** (moderados, representantes da alta burguesía, de orixes provinciais) e os **xacobinos** (radicais, representantes das clases medias urbanas e dos *sans-culottes*, defensores do centralismo). Esta división política xerará un maior dinamismo, que se traducirá en tres etapas distintas: a Convención Xirondina, a Convención Xirondina e a Convención Termidoriana.



5.1. Convención Xirondina (1792-1793)

Esta fase está dominada pola burguesía liberal e republicana máis moderada, os chamados **xirondinos**, que representaban os intereses das provincias. O seu principal obxectivo era **estabilizar a Revolución e evitar o radicalismo popular**.

As súas primeiras accións centráronse no xuízo e condena a morte de Luís XVI por traición. Este feito provocou a **alianza de todas as potencias europeas absolutistas** (Primeira Coalición) contra a Francia revolucionaria e o estoupido de fortes insurreccións contrarrevolucionarias internas, como a **Revolta da Vendée**, o que desestabilizou o goberno.

5.2. Convención Xacobina (1793-1794)

A crise militar e o caos interno levaron aos **xacobinos** ou **montañeses** (a facción máis radical, apoiada polos *sans-culottes*) a tomar o control da Convención tras expulsar e executar os líderes xirondinos en xuño de 1793. Este grupo estaba liderado por figuras como **Robespierre**, **Danton** ou **Marat**.

Co seu ascenso ao poder iniciouse a fase máis radical da Revolución, o coñecido como **Terror** ou ditadura xacobina. O goberno efectivo recaeu no **Comité de Salvación Pública**, presidido por Maximilien Robespierre, que concentrou o poder executivo e lexislativo. O seu obxectivo era salvar a República da ameaza estranxeira e dos inimigos internos, para o que se

permitiu xulgar e executar sumariamente a calquera persoa acusada de contrarrevolucionaria, o que provocou decenas de milleiros de **execucións** (como a raíña María Antonieta ou o propio Danton).

Durante o seu goberno, os xacobinos impulsaron a **Constitución de 1793** (ou Constitución do Ano I), que recoñecía o **sufrexio universal masculino** e numerosos dereitos sociais (dereito ao traballo, á educación e á asistencia social), aínda que nunca chegou a aplicarse debido á guerra. Tamén estableceron medidas como o **prezo máximo** dos produtos, a abolición total da escravitude nas colonias, a creación dun exército popular e unha política de descristianización.

Finalmente, o Terror consumiu aos seus líderes, e Robespierre, acusado de querer establecer unha ditadura persoal, foi derrocado e executado mediante o **golpe de Termidor** (xullo de 1794), o que marcou o final do radicalismo e o inicio da reacción burguesa.

5.3. Convención Termidoriana (1794-1795)

O novo goberno saído do **golpe de Termidor** volveu a estar comandado pola burguesía moderada (a **Chaira** ou *Llano* da Asemblea). O seu obxectivo principal foi dismantelar a lexislación xacobina e recuperar os principios do liberalismo moderado censitario de 1791.

A plasmación destas ideas máis conservadora será a redacción dunha nova constitución baseada nestes principios, a Constitución de 1795, que dará paso á seguinte fase, o Directorio.

6. A Primeira República francesa: o Directorio (1795-1799)

Un novo período, máis moderado, iniciárase coa promulgación da **Constitución de 1795** (ou Constitución do Ano III) e o período do **Directorio**. Esta constitución volve ao sufragio censitario e o poder executivo é exercido por cinco directores. É unha etapa de **reacción burguesa** para consolidar o liberalismo sen concesións aos radicais nin aos absolutistas.

Un dos directores será o prestixioso xeneral Napoleón Bonaparte, que acadará un enorme prestixio tras as súas vitorias en Italia ou Exipto, nun contexto bélico polo conflito da Francia revolucionaria e as distintas coalicións europeas que se van creando contra ela.

7. A época napoleónica (1799-1815)

Finalmente, a inestabilidade política do Directorio e a necesidade dun goberno forte para consolidar as conquistas burguesas, propiciou que en **1799** o xeneral **Napoleón Bonaparte** dese un **golpe de Estado** (o chamado “**golpe do 18 de brumario**”), iniciando así a fase do **Consulado** (1799-1804), que será seguida polo **Imperio napoleónico** (1804-1815).

7.1. Consulado (1799-1804)

Nesta etapa, **Napoleón Bonaparte** exerceu o **poder de xeito ditatorial**, avalado por dúas novas constitucións: a **Constitución de 1799** (ou Constitución do Ano VIII, pola que Napoleón pasa a ser Primeiro Cónsul con poderes dictatoriais) e a **Constitución de 1802** (ou Constitución do Ano X, que o convertiu en Cónsul vitalicio, con poderes aínda máis amplos). Esta fase foi crucial para institucionalizar e estabilizar os principios burgueses da Revolución.

Neste asentamento do liberalismo vai ser especialmente relevante a promulgación do **Código Civil (1804)**, que consolidou xuridicamente a **igualdade legal**, o **dereito á propiedade privada** e a **liberdade individual**. De feito, este código converteuse na base do dereito constitucional moderno en moitos países.

Napoleón tamén emprendeu a **modernización do Estado** francés centralizando a administración, creando o **Banco de Francia** e asegurando a estabilidade financeira. Tamén garantiu a paz relixiosa poñendo fin ao conflito coa Igrexa católica mediante a sinatura do **Concordato de 1801** coa Santa Sede.




7.2. Imperio napoleónico (1804-1815)

Unha vez afianzado o seu poder, Napoleón proclamará o Imperio francés no ano 1804, e proseguirá a súa expansión ata a súa derrota en 1815.

A presenza das tropas francesas por todo o continente europeo permitirá o **espallamento dos ideais revolucionarios**. Nos numerosos territorios ocupados, Napoleón aboliu o Antigo Réxime e impuxo o seu Código Civil, liquidando así a sociedade e os dereitos feudais, sendo así un motor da modernización.

Ao mesmo tempo, a ocupación militar francesa tamén acabou por espertar un **sentimento nacionalista** nos distintos pobos europeos (como por exemplo sucedeu en España), que loitaron pola súa independencia contra o invasor, comezando a minar pouco a pouco o *Gran Imperio*.



Os éxitos militares de Napoleón fronte a todas as potencias europeas (agás o Reino Unido) foron contrarrestados polo fracaso das campañas en Rusia (1812) e en España (Guerra de Independencia, entre 1808 e 1814). Finalmente, a **derrota na batalla de Leipzig** (1813) forzou a Napoleón a abdicar en 1814, sendo exiliado á illa de Elba.

Sen embargo, en marzo de 1815 Napoleón regresa a Francia, iniciando o período coñecido como os **Cen Días**, nos que intenta recuperar o Imperio. Esta breve fase remata coa derrota

definitiva de Napoleón na **batalla de Waterloo** (xuño de 1815) fronte a forzas británicas e prusianas, comandadas polo duque de Wellington. Napoleón foi exiliado por segunda e última vez á illa de Santa Helena, onde falecerá en 1821.

As monarquías absolutistas europeas conseguiron así a vitoria, que foi rubricada no **Congreso de Viena (1815)**, que significou o inicio da **Restauración**. Sen embargo, as ideas revolucionarias xa comezaran a asentarse entre boa parte da poboación dos países europeos, o que acabará por significar o triunfo do liberalismo ao longo do século XIX.

8. Consecuencias da Revolución Francesa

A Revolución Francesa, sobre todo na súa última fase, o Imperio napoleónico, levou á destrución do Antigo Réxime, xa que actuou como un catalizador que **espallou os principios lo liberalismo**. Así, conceptos como a soberanía nacional, a cidadanía, o constitucionalismo ou o libre mercado estendéronse por Europa.

Aínda que a Restauración absolutista supuxo un freo temporal a este proceso, finalmente estas ideas liberais acabaron co absolutismo. Así, as **vagas revolucionarias de 1820, 1830 e 1848**, resultado directo da semente plantada en 1789, consolidaron os sistemas parlamentarios e o poder da burguesía na maior parte do continente, pechando o ciclo histórico aberto pola Revolución Francesa.